

O ACEVO > PARADAVELLA

24,5 km
166,3 km a Santiago por
San Xoán do Padrón
167,5 km pola Proba de Burón

Dolmen das Pedras Dereitas, A Fonsagrada



QUE VER




- O Camiño Primitivo entra en Galicia polo porto de montaña do Acevo (1.030 m). Un lugar fermoso, de neves nas estacións duras e vexetación exuberante con marcados contrastes durante os meses benignos. Desde aquí quedan uns 167 km a Santiago. Fonfría e o seu manancial de auga fresca acóllenos ao comezo. Aquí funcionou un importante hospital de peregrinos pertencente á encomenda de San Xoán de Portomarín, que aínda estaba operativo nos albores do século XX. Pasamos por Barbeitos e logo Paradanova, onde a ruta ofrece dúas alternativas: unha a través da Fonsagrada –capital municipal– e outra pola Proba de Burón.

Na primeira visitamos a “fonte sagrada”, sita na área urbana da Fonsagrada e vinculada á tradición xacobeá por un milagre do apóstolo Santiago. Desde aquí pasamos pola localidade de San Xoán do Padrón ata alcanzar o lugar de Montouto, onde convernen as dúas rutas.

A alternativa á Fonsagrada pasa, como dicíamos, pola Proba de Burón. A súa torre medieval é o último vestixio da antiga fortaleza do conde de Altamira, obxecto dos ataques “irmandiños” –revoltas sociais contra os nobres– do século XV.

Desde Montouto a ruta continúa ata a xenuína localidade de Paradavella.



PARADAVELLA > CASTROVERDE

19,6 Km
141,8 km a Santiago

Igrexa de Santa María de Vilabade, Castroverde




QUE VER



- Desde Paradavella descendemos ata O Cádavo. Polo camiño, as aldeas da Degolada e da Fontaneira. Os tramos de bosque frondoso combínanse con outros menos recollidos, ao pé da estrada comarcal C-630. Chegamos á localidade do Cádavo (710 m), capital do municipio de Baleira e segunda poboación relevante –despois da Fonsagrada– no Camiño Primitivo galego. Preto de alí, no Campo da Matanza, sobrevive unha vella tradición que asegura que o rei Alfonso II se enfrontou aquí a un exército islámico. Pasaba por estas terras camiño a Compostela entre os anos 820 e 830, chamado pola noticia do descubrimento do sepulcro.

Ascendemos ao alto da Vaqueriza (840 m). Antes de chegar a Castroverde pasaremos pola aldea de Vilalle. Nas inmediacións, Vilabade: aquí existiu un convento franciscano; del queda o templo, construído a mediados do século XV, nunha fermosa praza na que tamén se atopa o pazo de Abraira-Arana. A menos dun quilómetro sitúase a capela da Nosa Señora do Carme, no medio dunha frondosa carballieira.

Castroverde é o final da etapa (591 m), capital do municipio do mesmo nome. No alto da vila resiste altiva a torre da homenaxe do seu vello castelo, recordo do dominio das casas de Lemos e Altamira.



CASTROVERDE > LUGO

22 km
122,1 km a Santiago

Muralla e catedral de Lugo



QUE VER




- O itinerario ata a cidade de Lugo discorre por lugares engaioladores: fontes, regatos, campos de cultivo, bosque autóctono, valados de pedra ou madeira, típicas vivendas tradicionais... Destaca Soutomirille, unha aldea abandonada con igrexa de orixe prerrománica. Estamos a uns 20 km de Lugo e os topónimos con referencias xacobeas vannos acompañar todo o tempo.

Accedemos a través da Porta de San Pedro e continuamos por un trazado urbano que nos ha levar, primeiro, á fermosa e acolledora praza Maior, e logo á catedral de Santa María, onde os peregrinos se detiñan a orar ante o Santísimo Sacramento, exposto de forma permanente na basílica desde o século XII.

Lugo ofrécelle ao peregrino, á parte da súa monumentalidade –que abrangue desde a arqueoloxía romana a importantes edificios barrocos–, unha destacada contorna natural de fragas autóctonas nas marxes do río Miño e unha excelente gastronomía.

A entrada na cidade máis antiga de Galicia, a *Lucus Augusti* romana, realizase tras pasar baixo a ponte da Chanca. Ascendemos –pois Lugo está construído sobre un castro– ata chegar á muralla romana (s. III-IV). A muralla é Patrimonio da Humanidade desde o ano 2000.



LUGO > SAN ROMAO DA RETORTA

18,8 km
100,1 km a Santiago

Santuario de Santalla de Bóveda de Mera, Lugo



QUE VER




- Etapá corta, de 18,8 km. A saída da muralla emprendémola, ou ben pola Porta Miriá (ou Porta do Carme) a máis antiga e xenuína da muralla, ou pola Porta de Santiago, diante da fachada neoclásica da catedral. Avanzamos camiño abaixo seguindo o trazado dunha oculta calzada romana, ata cruzar o río Miño –tamén a través da ponte de orixe romana–. Chegamos ao barrio da Ponte. Cruzada a ponte, á dereita, sempre camiñamos paralelos ao río e ás instalacións deportivas do Club Fluvial e á capela e barrio de San Lázaro.

Paga a pena desviarse 3 km da ruta para visitar o enigmático templo de Santalla de Bóveda, de época tardo romana (s. IV), declarado Monumento Nacional en 1931. Por diante do templo pasa a Vía romana XIX, que comunicaba *Bracara Augusta* (Braga) con *Lucus Augusti* (Lugo) a través de Iria Flavia (Padrón).

De regreso ao Camiño alcanzamos o lugar de Bacurín, onde se alza a igrexa románica de San Miguel e a aldea do Francés (tamén coñecida como “Hospital”), ata chegarmos a San Romao da Retorta (municipio de Guntín), fin desta etapa.

Afastámonos da cidade e alcanzamos San Vicente do Burgo, onde houbo hospital de peregrinos. Este tramo da etapa ofrécenos interesantes panorámicas da cidade que vai quedando detrás.



SAN ROMAO DA RETORTA > MELIDE

28,2 km
81,3 km a Santiago

Igrexa de Santa María de Melide



QUE VER




- En San Romao da Retorta han deleitarnos as expresións do Románico; tanto da súa igrexa, ao pé da que se atopou un miliario romano (sinal indicador de que o Camiño Primitivo se orientou seguindo a ruta dunha antiga calzada), como da igrexa (e cruceiro) de Santa Cruz da Retorta.

Na Ponte Ferreira, en terras de Palas de Rei, ademais da ponte medieval, hai unha igrexa románica de finais do século XII que pertenceu a Vilar de Donas. Tamén en Palas de Rei está Augas Santas, que nos fala de mananciais salúferos e onde houbo un mosteiro no século IX, e San Salvador de Merlán, cunha igrexa que conserva fermosos restos románicos.

No límite provincial entre Lugo e A Coruña atravesamos a serra do Caréon e alcanzamos o concello de Toques, onde pasaremos por Santiago de Vilouriz e Vilamor. Neste municipio, inda que fóra do Camiño, alzáse Santa Antoñía de Toques, que tivo un mosteiro beneditino e conserva unha magnífica igrexa prerrománica do século IX.

O Camiño Primitivo conflúe co Camiño Francés na histórica vila xacobeá de Melide, e continúa por este ata a catedral de Santiago, a 53 quilómetros de distancia.



MELIDE > ARZÚA

14,3 km
53,1 km a Santiago

Albergue de Ribadiso, Arzúa



QUE VER




- Ao saírmos de Melide pasamos por dúas localidades de gran tradición xacobeá: Boente, con templo parroquial dedicado a Santiago, e A Castañeda, onde Aymeric Picaut, autor do Libro V do *Código Calixtino*, sitúa os fornos de cal para as obras da catedral que os peregrinos abastecían con pedras calcarias transportadas desde Triacastela. Este feito simbolizaba a participación de todos na grande empresa construtiva do templo e manifestaba tamén esa unión de forzas e solidariedade que o Camiño fixa en cada acto de peregrinación.

Unha ponte de orixe medieval permítenos cruzar o río Iso. A primeira casa á dereita, xunto ao propio leito do

río, foi sede do hospital de Ribadiso, o último espazo histórico que permaneceu aberto no Camiño Francés ao servizo do peregrino. Foi rehabilitado en 1993 e reaberto nese Ano Santo como albergue de peregrinos. A contorna natural no que se sitúa é de gran beleza.

Chegamos á vila de Arzúa (388 m). O Camiño Francés recibe aquí os peregrinos procedentes do Camiño do Norte. A uns 10 km fóra da nosa ruta esténdese o encoro de Portodemouros, cunha ampla oferta de turismo rural e para a práctica de deportes acuáticos.



ARZÚA > ARCA [O PINO]

18,5 km
38,7 km a Santiago

Ermida de Santa Irene, O Pino



QUE VER




- Desde Arzúa afrontamos os últimos quilómetros do Camiño: 38,7 en total. Dividírmolos en dúas etapas, de 18,5 e 20,2 km respectivamente. Hai quen aposta por facer a ruta restante nun só día, durmindo no albergue do Monte do Gozo pero é aconsellable realizar dúas etapas, con descanso en Arca.

Saímos da vila de Arzúa pola rúa do Carme. Nesta etapa alternaremos a paisaxe de bosques e prados (carballos, eucaliptos, froiteiras e campos de labranza) con tramos polo asfalto da estrada Nacional 547. Teñamos especial precaución cos vehículos, pois deberemos cruzar varias veces pola calzada.

Cruzamos os ríos Vello e Brandeso, e logo aldeas como Preguntoño, A Peroxa, algunhas con resonancia xacobeá, como A Calzada, A Calle, Ferreiros (de novo, a referencia ao vello oficio dos que, entre outras funcións, amañaban as ferraduras dos cabalos), A Salceda, Santa Irene –onde hai albergue de peregrinos– e A Rúa, xa ás portas de Arca, capital do municipio do Pino, o último concello antes de Santiago. En toda a etapa atoparemos bares ou tabernas onde tomar algo e fontes para refrescámonos.

O Pedrouzo é o núcleo principal da parroquia de Arca (O Pino). Poboación de servizos ao pé da N-547, conta cunha variada oferta hostaleira. Ao longo do ano organízanse aquí feiras de gando, festas gastronómicas, mostros ecuestres e concertos de bandas populares ou música folk.



ARCA [O PINO] > SANTIAGO

20,2 km a Santiago

Praza do Obradoiro, Santiago de Compostela



QUE VER



- Deixamos a parroquia de Arca e pasamos por bosques de eucaliptos e aldeas como Santo Antón ou A Amenal, nun ascenso que nos levará ao núcleo da Lavacolla, nas inmediacións do aeroporto de Santiago. Aquí, os peregrinos tiñan por costume lavar o corpo enteiro no regato que pasa polo lugar. De feito, a etimoloxía de “Lavacolla” podería derivar dun *lava coles*, en desenfadada referencia á hixiene dos xenitas.

Alcanzamos o Monte do Gozo (380 m), pequena elevación onde os peregrinos gozaban, por vez primeira, dunha afastada visión da catedral. Entre os grupos de peregrinos proclámase como “rei da peregrinación” o primeiro que alcance o seu cumio. En 1993 construíuse aquí un grande albergue.

Restan 5 km en descenso. O Camiño entra na cidade polo barrio de San Lázaro e deixa á esquerda o das Fontiñas (nas inmediacións, ampla oferta de restauración e servizos). Máis adiante, a rúa dos Concheiros, antigo barrio gremial dos artesáns que comerciaban con cunhas de vieira, e o histórico e xenuíno barrio de San Pedro, por onde baixa a ruta ata a Porta do Camiño. Continuá, xa no seu último tramo, por rúas peónis e prazas como Casas Reais, praza de Cervantes e A Cibecheira, por onde accedermos á basílica; o acceso alternativo, en Ano Santo, será a Porta Santa na Quintana.

O Monte do Gozo ofrece unha excelente panorámica da cidade. O Pavillón de Galicia, no barrio de San Lázaro. O Museo do Pobo Galego. O Panteón de Galegos Ilustres contiguo ao museo, na única igrexa gótica da cidade. O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), obra do arquitecto portugués Álvaro Siza. A capela das Ánimas, cos seus retablos neoclásicos; a Praza de Cervantes, onde se situou o concello ata finais do s. XVIII. O museo da Casa da Troia, a célebre pensión de estudantes de comezos do s. XX. E o mosteiro de San Martiño Pinario.

